



Concello de Guitiriz

BASES PARA PARTICIPAR NO MERCADIÑO DE TROCO DE LIBROS DE NADAL

1. O mercadiño celebrarase o luns 2 de decembro na praza na caseta reservada para ese fin. O horario do intercambio será de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00.
2. Poderás intercambiar tódolos libros que desexes ata un máximo de 10.
3. Por cada libro que traías recibirás un tícket que che dará dereito a coller calquera libro que che interese do mercadiño (por exemplo: 5 libros = 5 tickets)
4. Tódalas persoas que participen deberán pasarse pola caseta ás 19:00 horas para recoller todos aqueles libros que lles pertenzan e non foran collidos por ninguén.
5. Haberá diferentes categorías:
 - a. Infantil e Xuvenil
 - b. Divulgación
 - c. Cómicos
 - d. Ficción
6. Os libros que se entreguen deberán estar en bo estado. Non poderán estar despegados nin con follas rachadas.
7. O Concello non se fai responsable de calquera desperfecto ou defecto que os libros poidan ter. Simplemente actúa como mero organizador e facilitador do intercambio.

BASES PARA PARTICIPAR NO MERCADIÑO DE TROCO DE VIDEOXOGOS DE NADAL

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

1. O mercadiño celebrarase o luns 2 de xaneiro na praza, na caseta reservada para ese fin. O horario do mesmo será de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00.
2. Poderás traer tódolos videoxogos que desexes intercambiar ata un máximo de 10.
3. Por cada videoxogo que traías recibirás un ticket que che dará dereito a coller calquera videoxogo que che interese do mercadiño.
4. Tódalas persoas que participen deberán pasarse pola caseta ás 19:00 horas para recoller todos aqueles videoxogos que lles pertenzan e non foran collidos por ninguén.
5. Os videoxogos que se entreguen deberán estar en bo estado.
6. O Concello non se fai responsable de calquera desperfecto ou defecto que poidan ter. Simplemente actúa como mero organizador e facilitador do intercambio.